

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

DECRETO 183/2013, do 5 de decembro, polo que se crea a Rede galega de atención temperá.

O Estatuto de autonomía de Galicia no seu artigo 4, números 1 e 2 establece que os dereitos, liberdades e deberes fundamentais dos/as galegos/as son os establecidos na Constitución. Aos poderes públicos de Galicia correspóndelles promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas, remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos/as galegos/as na vida política, económica, cultural e social. Así, no artigo 27, números 23 e 24 establece as competencias exclusivas da Comunidade Autónoma galega en materia de asistencia social e promoción do desenvolvemento comunitario, no seu artigo 31 establece a competencia plena en relación ao regulamento e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades no ámbito das súas competencias, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que, conforme o punto primeiro do artigo 81 da mesma, o desenvolven, das facultades que atribúe ao Estado o número 30 do punto 1 do artigo 149 da Constitución, e da alta inspección necesaria para o seu cumprimento e garantía, e no artigo 33 a competencia canto ao desenvolvemento legislativo e a execución da lexislación básica do Estado en materia de sanidade interior, e tutela das institucións, entidades e fundacións en materia de sanidade e Seguridade Social.

A Lei 4/1993, do 14 de abril, regulou o servizo de atención temperá como un servizo social na área da discapacidade. En desenvolvemento das previsións legais, ditouse o Decreto 69/1998, do 26 de febreiro, polo que se regula a atención temperá a discapacitados na Comunidade Autónoma de Galicia, o obxecto do cal veu constituído pola ordenación da atención temperá e á adscrición ao Servizo Galego de Saúde dos recursos destinados á dita prestación, quedando integrada neste. Na actualidade o servizo préstase nas unidades de atención temperá dos complexos hospitalarios.

Con posterioridade, no exercicio das competencias establecidas no Estatuto de autonomía, a Comunidade Autónoma de Galicia promulgou a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, a cal establece no seu artigo 14, número 1, que «as persoas menores, as maiores dependentes, as enfermas mentais e terminais, as enfermas que padecen enfermidades crónicas e discapacitantes, os/as pacientes diagnosticados/as de enfermidades



raras ou de baixa incidencia na poboación e as persoas pertencentes a grupos de risco, en tanto que son colectivos que deben ser obxecto de especial atención polas administracións sanitarias competentes, teñen dereito a actuacións e/ou programas sanitarios específicos e preferentes, os cales se executarán a través dos centros, servizos e establecementos do Sistema público de saúde de Galicia». No artigo 32 do mesmo texto legal recóllese, entre os principios reitores do Sistema público de saúde de Galicia, o de coordinación interdepartamental da atención sociosanitaria, e o artigo 136, número 3, prevé que a Consellería de Sanidade promoverá a cooperación e coordinación co Sistema galego de servizos sociais para que a atención ás circunstancias e necesidades sociais e as accións de prevención e asistencia sanitaria se complementen de forma axeitada, e fomentará actuacións integrais sociais e sanitarias ante aquelas circunstancias de dependencia, cronicidade, discapacidade e outras en que a cooperación dos dous sistemas supoña vantaxes sociais e asistenciais.

Así mesmo, a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, recolle no seu artigo 3.b que o sistema galego de servizos sociais garantirá a vida independente e a autonomía persoal das persoas en situación de dependencia, integrando, para estes efectos, o catálogo de prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia. No artigo 4 enumera, entre os principios que rexerán o sistema galego de servizos sociais, os de globalidade e coordinación. No artigo 19 define a intervención social, biopsicosocial, sociolóxica ou socioeducativa que favoreza a adquisición ou recuperación de funcións e habilidades persoais e sociais para a mellora da autonomía, da convivencia social e familiar e da inclusión social, como intervención ou servizo de carácter técnico-profesional incluído dentro do catálogo de servizos sociais. E no seu artigo 12 regula os servizos sociais comunitarios específicos orientados ao desenvolvemento de programas e a xestión de centros orientados a colectivos con problemáticas identificadas e singulares, procurando a súa normalización e reincorporación social ou como espazo de tránsito a un servizo especializado. A regulación legal destes servizos desenvolveuse polo Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, que no seu artigo 26, alínea d), establece como funcións propias dos servizos sociais comunitarios específicos a atención de persoas con discapacidade a través de centros ocupacionais, así como o apoio psicosocial e familiar vinculado á atención temperá. Asemade, no seu anexo IV, considéranse a atención psicosocial e familiar vinculada á atención temperá como un dos programas e servizos prioritarios na formulación de programas dos servizos sociais comunitarios municipais, segundo o disposto no artigo 18 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.



Previamente, a Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, regula as condicións básicas de acceso ao denominado Sistema para a autonomía e atención á dependencia (SAAD). Como se establece no seu preámbulo, trátase de configurar un novo desenvolvemento dos servizos sociais que complemente a acción protectora e poida dar resposta ás necesidades de atención das persoas en situación de dependencia. Neste labor xogan un papel fundamental as comunidades autónomas pois atribúelles a planificación, a ordenación e a coordinación, no ámbito do seu territorio, dos servizos de promoción da autonomía persoal e de atención ás persoas en situación de dependencia, así como a xestión dos servizos e recursos necesarios para iso. No ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia deben citarse o Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e a atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e o funcionamento dos órganos técnicos competentes e a Orde do 2 de xaneiro de 2012, pola que se desenvolve o devandito decreto. Dentro do catálogo de servizos do Sistema para a autonomía e a atención á dependencia, o artigo 3 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, recolle os servizos de promoción da autonomía persoal, entre os cales a orde citada inclúe o servizo de atención temperá.

Por outro lado, no ámbito educativo o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

A transcendencia dos cambios sociais e a experiencia acumulada ao longo dos últimos anos, que recollen documentos de referencia como o Libro branco da atención temperá e o informe da Axencia Europea para o Desenvolvemento da Educación Especial, sinalaron a conveniencia de asumir un novo concepto da atención temperá baseado nos dereitos dos/as nenos/as, na igualdade de oportunidades e na participación social, centrado nas necesidades da familia e na prestación dos servizos nos contornos naturais da vida dos/as nenos/as. Neste mesmo senso cabe resaltar a disposición adicional décimo terceira da Lei 39/2006, do 14 de decembro, que establece que, sen prexuízo dos servizos establecidos nos ámbitos educativo e sanitario, o sistema para a autonomía e atención á dependencia atenderá as necesidades de axuda a domicilio e, se for o caso, prestacións económicas vinculadas e para coidados no contorno familiar a favor dos menores de tres anos acreditados en situación de dependencia, e que no seo do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a autonomía e atención á dependencia se promoverá a adopción dun plan integral de atención para estes menores de tres anos en situación de dependencia, no cal



se recollan as medidas que adoptarán as administracións públicas, sen prexuízo das súas competencias, para facilitar a atención temperá e rehabilitación das súas capacidades físicas, mentais e intelectuais, sendo a través da Resolución do 25 de xullo de 2013, da Secretaría de Estado de Servizos Sociais e Igualdade onde se publica o Acordo do 4 de xullo de 2013, do Consello Territorial de Servizos Sociais y do Sistema para a autonomía e atención á dependencia sobre criterios comúns, recomendacións e condicións mínimas dos plans de atención integral a menores de tres anos en situación de dependencia ou en risco de desenvolvela.

Con base nisto, resulta imprescindible elaborar unha nova normativa que permita crear un espazo común de coordinación e corresponsabilidade entre os sistemas de saúde, educación e servizos sociais na procura dunha acción integral, destinada a satisfacer os dereitos e necesidades dos nenos e nenas con trastornos no desenvolvemento ou en risco de padecelos e das súas familias, así como á súa prevención.

Nesta nova concepción a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, establece no artigo 41 que a Xunta de Galicia levará a cabo, a través do organismo competente en materia de servizos sociais, a atención das situacións de dependencia, así como a promoción da autonomía persoal dos/as nenos/as e dos/as adolescentes, coa potenciación das súas capacidades, especialmente mediante o acceso á atención temperá; a través do organismo competente en materia de saúde proporcionará os medios necesarios para a detección precoz e a atención específica de nenos e nenas e adolescentes con doenzas crónicas, mentais ou discapacidades físicas, intelectuais ou sensoriais; e a través do organismo competente en materia de educación garantirá o seu dereito a unha atención específica, en razón das súas necesidades e distintas capacidades e a unha atención temperá das súas necesidades educativas especiais.

O novo concepto implica, en virtude das competencias sinaladas e dereitos sociais enunciados, a necesidade de regular os servizos en atención temperá como unha rede integral de responsabilidade pública e de carácter universal, rexido polos principios reitores de igualdade, coordinación, atención personalizada, integración social, interese superior do/a menor, prevención, autonomía persoal e participación, descentralización, proximidade, interdisciplinariedade e alta cualificación profesional, diálogo e participación familiar e calidade.

Este novo paradigma implica a obriga de facilitar aos nenos e ás nenas e ás súas familias esta actuación transversal tan transcendente para o seu progreso dun xeito continuado, flexible e contextualizado, a través dun marco normativo que posibilite a intervención



múltiple dirixida a nenos e nenas de 0 a 6 anos, ás súas familias e á comunidade. Ao tempo será necesario obter a máxima austeridade e eficiencia dos servizos públicos, destacando o deber de cooperar e a responsabilidade de colaborar, para que cada sistema de servizos achegue os medios e recursos de que dispón para evitar a duplicidade de servizos e optimizar os recursos, incrementando desta maneira a eficacia e a eficiencia. Neste senso, o Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia 2010-2013 establece como obxectivo de carácter urgente na área 9 (atención temperá), que a mellora da calidade da prestación dos servizos debe realizarse a través da coordinación interinstitucional correspondente, creando e consolidando unha rede de recursos que facilite a igualdade de acceso das familias en toda Galicia, que se construíra sobre os recursos actualmente existentes e coordinando os servizos dos sistemas sanitario, educativo e de servizos sociais.

O presente decreto consta de dezaseis artigos, agrupados en catro capítulos, catro disposicións adicionais, unha disposición transitoria, unha disposición derogatoria e dúas disposicións finais.

No capítulo I regúlase o obxecto e o ámbito de aplicación, fixando como destinatarios da atención temperá os/as nenos/as de 0 a 6 anos con trastornos no desenvolvemento ou en situación de risco de padecerlos, residentes na Comunidade Autónoma de Galicia; así mesmo, establécense as definicións e os principios reitores que inspirarán toda a regulación da Rede galega de atención temperá e a metodoloxía das actuacións en atención temperá.

O capítulo II regula a Rede galega de atención temperá e establece o catálogo de servizos específicos de apoio en atención temperá, os recursos profesionais e os servizos que integran a Rede galega de atención temperá, que poderán ser xestionados de forma directa ou indirectamente a través das diversas modalidades de contratación da xestión dos servizos públicos. Regúlase a participación da iniciativa privada no desenvolvemento e na realización dos servizos de atención temperá, así como a necesidade de autorización e acreditación dos servizos, que estará condicionada ao cumprimento dos estándares específicos de calidade.

No capítulo III establécense o ámbito competencial das consellerías con competencia en materia de sanidade, educación e servizos sociais, así como o procedemento de acceso aos servizos, que se planificará de forma coordinada de maneira que se consiga unha coherencia e optimización destes, as causas de extinción do servizo, e o réxime de dereitos, garantías e deberes das persoas usuarias.



O capítulo IV establece os órganos colexiados. Créase, co fin de asegurar a necesaria coordinación interdepartamental, o Consello Autonómico da Atención Temperá na Comunidade Autónoma, órgano colexiado que, entre outras funcións, establecerá as liñas estratégicas de acción en atención temperá na Comunidade Autónoma de Galicia, e a Comisión Técnica da Atención Temperá, que se constituirá como órgano de apoio do propio Consello, con funcións de proposta, avaliación e asesoramento ao Consello.

Asemade, nas disposicións adicionais establécese o prazo máximo para a constitución dos órganos colexiados, o protocolo de coordinación e a metodoloxía das actuacións, intervención e derivación interinstitucional, o sistema integral de información e xestión, as unidades de atención temperá adscritas ao Servizo Galego de Saúde, e na disposición transitoria establécese o réxime transitorio de implantación do réxime competencial establecido neste decreto.

En virtude do exposto anteriormente, e facendo uso das facultades que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, por proposta da conselleira de Traballo e Benestar, da conselleira de Sanidade e do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de acordo co ditame do Consello Consultivo de Galicia, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día cinco de decembro de dous mil trece,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I
Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación*

1. É obxecto do presente decreto crear a Rede galega de atención temperá, que regula a actuación integral en atención temperá dos órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais integrantes do sector público autonómico, delimita as competencias de cada un dos órganos e entidades no seu ámbito de actuación (sanitario, educativo e de servizos sociais), así como os mecanismos de coordinación entre eles, a través da creación dos órganos colexiados da Rede, e a definición do catálogo de servizos específicos de apoio en atención temperá.

2. Serán persoas destinatarias da atención temperá os/as nenos/as de 0 a 6 anos con trastornos no desenvolvemento ou en situacións de risco de padecelos, residentes na Comunidade Autónoma de Galicia, así como as súas familias e o seu contorno. Non obstante,



a atención estenderase ata a data da finalización do curso escolar cando o cumprimento da idade de 6 anos sexa anterior a esta.

Artigo 2. *Definicións*

1. Enténdese a atención temperá como un conxunto de intervencións dirixidas á po-boación infantil de 0 a 6 anos, á súa familia e ao seu contorno, e que ten por obxectivo dar resposta o antes posible ás necesidades transitorias ou permanentes que presentan os nenos e as nenas con trastornos no desenvolvemento ou en risco de padecelos, para facilitar o desenvolvemento da súa autonomía persoal e a inclusión social. Desde os servizos de atención temperá ofrecerase unha intervención biopsicosocial que favoreza a adquisición ou a recuperación de funcións e de habilidades persoais e sociais para a mellora da auto-nomía, da convivencia social e familiar e da inclusión social.

2. Enténdese por trastorno do desenvolvemento aquelas situacións en que, como con-secuencia dunha alteración das estruturas ou funcións corporais, restricións na participa-ción social ou calquera outro factor contextual, se produce un atraso ou desviación signi-ficativos no desenvolvemento das capacidades, adquisicións e recursos persoais típicos para a idade de referencia.

3. Enténdense por situacións de risco de padecer un trastorno no desenvolvemento aquelas circunstancias de vulnerabilidade evolutiva que requiren intervención pola des-compensación negativa entre factores de risco e protección.

Artigo 3. *Principios reitores*

1. Os principios reitores da Rede galega de atención temperá son os seguintes:

a) Universalidade: acceso ao servizo de todas as persoas que reúnan os requisitos e condicións establecidas.

b) Igualdade: ausencia de calquera discriminación no acceso ao servizo.

c) Responsabilidade pública: inserción dos servizos nos sistemas sanitario, de servizos sociais e educativo, garantidos polo sector público autonómico de Galicia.

d) Descentralización e proximidade: achegamento eficiente do servizo ás persoas des-tinatarias implementando, sempre que sexa posible, actuacións de base comunitaria para a inclusión social, entendendo os servizos sociais comunitarios como o primeiro nivel de intervención do sistema galego de servizos sociais.



e) Coordinación: o sistema sanitario, o sistema educativo e os servizos sociais están directamente implicados na protección de menores e deben establecer mecanismos de coordinación eficaces para optimizar os recursos humanos e económicos, evitando en todo momento a fragmentación que poida darse como consecuencia da intervención de múltiples axentes, entidades ou profesionais, así como garantir a continuidade do proceso: a detección, derivación, seguimento e/ou intervención como obxectivos centrais na coordinación na protección dos/as menores de 6 anos.

f) Integración social: garantir o dereito das persoas a participar en todos os ámbitos da sociedade recibindo o apoio que necesitan no marco das estruturas comúns de educación, saúde, lecer e cultura, e servizos sociais, recoñecéndolles os mesmos dereitos que ao resto da poboación.

g) Interese superior do/a menor.

h) Prevención: co obxecto de manter a autonomía persoal dos/as menores e adiar o posible agravamento dos trastornos no desenvolvemento que os afecten ou exista risco de que os poidan afectar.

i) Gratuidade: como principio inspirador da Rede, estes servizos non estarán suxeitos a contraprestación económica por parte das persoas usuarias.

j) Interdisciplinabilidade e alta cualificación profesional.

k) Diálogo e participación familiar.

l) Calidade.

2. Estes principios entenderanse sen prexuízo dos establecidos con carácter xeral no artigo 4 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, no artigo 32 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, e no artigo 4 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Artigo 4. *Metodoloxía das actuacións en atención temperá*

A atención temperá desenvólvese como unha atención especializada multidisciplinar, e as actuacións terán un carácter multidimensional e biopsicosocial mediante equipamentos



interdisciplinarios especializados en desenvolvemento infantil de 0 a 6 anos, que seguirán un modelo metodolóxico común de actuación:

a) Detección precoz dos trastornos do desenvolvemento ou das situacións de risco de padecelos.

b) Valoración e intervención interdisciplinaria e transdisciplinaria a través das fases de acollida, valoración, intervención e avaliación.

c) Identificación e rexistro do trastorno do desenvolvemento, competencias persoais, factores contextuais, barreiras e facilitadores para o progreso na autonomía persoal e a inclusión social, seguindo o modelo conceptual común da CIF-IX (Clasificación internacional do funcionamento, da discapacidade e da saúde). Esta documentación estará incorporada nun expediente único de acordo co disposto na disposición adicional terceira.

d) Elaboración e seguimento dun plan personalizado de intervención e formulación coa familia dun contrato asistencial de actividades e apoios específicos que recolla os dereitos e obrigas de ambas as partes, así como os recursos que se porán á disposición do/a menor.

e) Coordinación cos recursos dos servizos sociais, educativos e sanitarios relacionados cos procesos referidos.

f) Autonomía persoal: consideración permanente das persoas destinatarias como suxeitos activos das actuacións que traten de facilitar o seu desenvolvemento persoal.

g) Atención personalizada: adecuación flexible do servizo ás situacións e necesidades particulares das persoas destinatarias.

h) Atención especializada multidisciplinar: as actuacións terán un carácter multidimensional e biopsicosocial mediante equipos multidisciplinares especializados en desenvolvemento infantil de 0 a 6 anos.

CAPÍTULO II

Rede galega de atención temperá

Artigo 5. *Rede galega de atención temperá*

1. Integran a Rede galega de servizos de atención temperá todos os servizos e programas de que sexan titulares as diferentes administracións públicas galegas, ben sexan



xestionados de forma directa ou indirectamente a través das diversas modalidades de contratación da xestión de servizos públicos establecidas na normativa reguladora dos contratos do sector público.

2. A integración dos servizos e programas na Rede galega de servizos de atención temperá de que sexan titulares administracións distintas á Xunta de Galicia realizarase dentro do marco competencial sinalado no artigo 59 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, que atribúe á Xunta de Galicia, entre outras, as competencias de planificación e programación xeral dos servizos sociais no ámbito territorial de Galicia mediante a elaboración do Plan estratéxico de servizos sociais e os plans e programas sectoriais, así como, segundo o disposto no artigo 64, a promoción dunha efectiva coordinación e cooperación cos concellos a fin de asegurar a calidade e cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio, especialmente no que atinxe á creación e mantemento de servizos sociais comunitarios específicos.

Artigo 6. *Catálogo de servizos específicos de apoio en atención temperá*

1. O servizo de atención temperá constitúe o conxunto de atencións, recursos e medios específicos dirixidos aos/ás nenos/as, ás súas familias e ao seu contorno para a consecución dos obxectivos formulados no presente decreto.

2. O catálogo de servizos específicos de atención temperá constitúe o conxunto de actuacións, prestacións, recursos, tratamentos, axudas e demais medios de atención dirixidas aos/ás nenos/as, ás súas familias e ao seu contorno, para a consecución das finalidades e obxectivos establecidos neste decreto, de acordo co plan personalizado de intervención, e incluírá, ao menos, as seguintes actuacións de carácter axial, que deberán prestarse dun xeito integrado a través dun dispositivo interdisciplinario:

a) De prevención, acollida, observación, valoración e diagnóstico do/a menor, e de información, orientación, asesoramento e apoio ás familias e aos recursos do contorno, en relación ao itinerario e circunstancias evolutivas dos/as nenos/as de 0 a 6 anos.

b) De estimulación e apoio emocional, social, sanitario e educativo para o desenvolvemento activo da autonomía persoal do/a neno/a e a súa inclusión familiar, escolar e social, tendo sempre en conta as súas necesidades e prioridades evolutivas.

3. Corresponde ás consellerías competentes en materia de servizos sociais, educación e sanidade o **desenvolvemento do catálogo de servizos en atención temperá**, logo de proposta do Consello Autonómico da Atención Temperá regulado no artigo 15.



Artigo 7. *Recursos profesionais*

1. Para prestar servizos de atención temperá, os/as profesionais deberán contar, ademais de cos requisitos establecidos por cada ámbito competencial en atención á regulación vixente, cunha formación académica específica en desenvolvemento infantil e atención temperá e/ou en apoio familiar, ou acreditar a experiencia suficiente nestas materias para a realización das súas funcións, segundo se estableza no correspondente desenvolvemento normativo do presente decreto.

2. Os/as profesionais dos distintos ámbitos sanitario, educativo e de servizos sociais dependentes de órganos e unidades con competencia en relación ao servizo de atención temperá coordinaranse a través dos equipos interdisciplinarios que se determinen na normativa de desenvolvemento deste decreto, co obxectivo de impulsar a integración das actuacións que desde os distintos ámbitos poida necesitar cada neno/a e a súa familia.

Artigo 8. *Participación da iniciativa privada*

As entidades privadas poderán participar no desenvolvemento e na realización dos servizos de atención temperá a través dos instrumentos establecidos normativamente, e logo de inscrición nos correspondentes rexistros regulados en cada ámbito competencial en atención ao réxime establecido para a súa autorización e/ou acreditación. Merecerá especial atención por parte das administracións e dos órganos competentes na materia a participación das entidades privadas sen ánimo de lucro.

Artigo 9. *Autorización e acreditación dos servizos*

A autorización, así como, se é o caso, a acreditación, dos servizos de atención temperá estará condicionada ao cumprimento dos estándares específicos de calidade no aspecto estrutural, formativo e sumativo, que se determinen na correspondente normativa pola que se regulen, dentro de cada ámbito competencial, estes servizos e programas.

CAPÍTULO III

Ámbito competencial e réxime de prestación dos servizos

Artigo 10. *Ámbito competencial da prestación dos servizos*

1. Corresponde á consellería competente en materia de sanidade a través do Servizo Galego de Saúde:

a) A prestación dos servizos referidos nos artigos anteriores no ámbito dos complexos hospitalarios, en relación cos nenos e nenas residentes na área de neonatoloxía ou que



pola súa condición de saúde precisan atención, coidados ou asistencia hospitalaria de longa duración.

b) O apoio á familia nas eventuais transicións desde o hospital ao domicilio familiar ou lugar de residencia habitual.

c) Facilitar a dispoñibilidade doutros servizos sanitarios de forma integrada co plan personalizado de intervención.

2. Corresponde á consellería competente en materia de servizos sociais:

a) A prestación dos servizos de atención temperá no ámbito comunitario mediante os centros e programas de desenvolvemento infantil e atención temperá.

b) O apoio á familia no proceso de escolarización naquelas actuacións necesarias e que non sexan competencia da consellería competente en materia de educación.

c) Facilitar a dispoñibilidade doutros servizos sociais de forma integrada co plan personalizado de intervención que concrete, para cada caso, o conxunto de obxectivos e actuacións adecuadas ás necesidades do/a menor, en cumprimento do establecido no artigo 6, número 3.c da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

3. Corresponde á consellería competente en materia de educación:

a) A atención das necesidades específicas de apoio educativo.

b) O asesoramento á familia durante o segundo ciclo de infantil e na transición á educación primaria.

c) Facilitar a dispoñibilidade doutros servizos educativos de forma integrada co plan personalizado de intervención.

4. A tipoloxía, a intensidade e os termos de prestación de servizos sanitarios, educativos e sociais complementarios que se poidan requirir para a elaboración e o desenvolvemento do plan personalizado de intervención serán establecidos logo de proposta do Consello Autonómico da Atención Temperá.



Artigo 11. *Procedemento de acceso aos servizos de atención temperá*

O acceso aos servizos dos tres sistemas implicados e as accións que se desenvolverán planificaranse de forma coordinada, de conformidade co protocolo de coordinación, intervención e derivación que se establece na disposición adicional segunda deste decreto, que para ese efecto se estableza e que se adecuará á normativa vixente reguladora dos diferentes procedementos, de maneira que se consiga unha coherencia e optimización deles, procurando unha complementariedade das intervencións desde os tres sistemas, sen que poida producirse en ningún caso unha duplicidade de servizos e garantindo, en todo caso, un único modelo de intervención conforme os principios, metodoloxía e catálogo básico de servizos definidos nos artigos 3 a 6 e na disposición adicional segunda deste decreto.

Artigo 12. *Causas de finalización dos servizos de atención temperá*

1. Os servizos de atención temperá finalizarán por algunha das seguintes causas:

- a) Cumprimento dos obxectivos establecidos, logo de verificación desta circunstancia.
- b) Facer os 6 anos de idade, sen prexuízo do establecido no artigo 1.2 deste decreto.
- c) Por vontade expresa do pai, nai ou representante legal.

d) Incumprimento das normas establecidas para unha correcta prestación do servizo cando a normativa reguladora da prestación do servizo prevexa a dita sanción.

e) Calquera outra causa establecida nunha norma con rango de lei ou decreto.

2. Cando a causa da finalización do servizo de atención temperá sexa a sinalada na letra a) deberase dar trámite de audiencia á familia ou representante legal.

3. Cando a extinción do servizo derive da imposición dunha sanción, a instrución do expediente e a proposta de resolución para a imposición da sanción de finalización do servizo de atención temperá recaerá na Comisión Técnica da Atención Temperá, na cal se nomeará instrutor/a e secretario/a entre os/as seus/súas membros, e a resolución pola que se poña fin ao procedemento corresponderá ao órgano competente determinado en cada ámbito competencial. Cando se trate da finalización dos servizos de atención temperá por mor da imposición da sanción de suspensión dos dereitos de participación das persoas usuarias ou restrición nalgunhas actividades no seo dun procedemento san-



cionador incoado ao abeiro da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, seguirase o disposto no artigo 97 no relativo á instrución e resolución do procedemento sancionador.

Artigo 13. *Dereitos e garantías das persoas usuarias*

As persoas usuarias terán os seguintes dereitos:

a) A utilizar o servizo en condicións de igualdade e sen discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, estado civil, situación familiar, discapacidade, ideoloxía, crenza, opinión ou calquera outra circunstancia.

b) A recibir un trato acorde coa dignidade da persoa e o respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, tanto por parte do persoal como das persoas implicadas no servizo.

c) A unha intervención personalizada acorde coas súas necesidades específicas, para conseguir o seu desenvolvemento integral.

d) A recibir información de xeito áxil, suficiente e veraz, e en termos comprensibles

e) A ter asignado/a un/unha profesional de referencia que actúe como interlocutor/a principal e que asegure a coherencia e sentido holístico do proceso de intervención.

f) Á confidencialidade, sxiilo e respecto en relación aos seus datos persoais e información que sexa coñecida polo servizo en razón da intervención profesional, sen prexuízo do posible acceso a eles no exercicio dunha acción inspectora, de conformidade coa lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

g) A acceder ao seu expediente persoal e a obter copia da documentación contida nel.

h) A elixir libremente, dentro da capacidade de oferta do sistema e logo de valoración técnica, o tipo de medidas ou de recursos axeitados para o seu caso.

i) Á calidade das prestacións recibidas, para o cal presentar suxestións e reclamacións e ten dereito a avaliar o traballo realizado mediante enquisas de satisfacción.

j) A calquera outro dereito recoñecido na normativa vixente para cada tipo de servizo.



Artigo 14. Deberes das persoas usuarias

As persoas usuarias terán os seguintes deberes:

a) Cumprir as normas, os requisitos e os procedementos para o acceso ao servizo, facilitando a información e os datos que lles sexan requiridos e que resulten necesarios sobre a unidade familiar e comunicando as variacións que experimenten aquelas.

b) Comunicar ao persoal de referencia calquera cambio significativo das circunstancias que poida implicar a interrupción ou modificación substancial da intervención proposta polo servizo.

c) Colaborar co persoal encargado de prestar a atención necesaria, acudindo ás entrevistas e seguindo os programas e orientacións que lles prescriban.

d) Manter unha actitude positiva de colaboración cos/coas profesionais dos servizos, participando activamente no proceso que xere a intervención de que sexan destinatarias.

e) Participar de xeito activo no seu proceso de mellora, autonomía persoal e inserción social.

f) Observar os regulamentos e normas de funcionamento ou convivencia dos centros ou unidades onde reciban servizos.

g) Calquera outro imposto pola normativa sectorial de aplicación a cada tipo de servizo.

**CAPÍTULO IV
Órganos Colexiados****Artigo 15. Consello Autonómico da Atención Temperá**

1. Co fin de asegurar a necesaria coordinación interdepartamental, créase o Consello Autonómico da Atención Temperá, órgano Colexiado adscrito ás consellerías con competencia en materia de sanidade, educación e servizos sociais e de ámbito autonómico, e que está integrado polos/as seguintes membros:

a) Titular da consellería con competencias en materia de servizos sociais.



- b) Titular da consellería con competencias en materia de sanidade.
 - c) Titular da consellería con competencias en materia de educación.
 - d) Titular da Secretaría Xeral de Política Social.
 - e) Titular da Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde.
 - f) Titular da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.
2. O Consello nomeará entre os seus membros, por maioría de votos e por un período dun ano, o/a seu/súa presidente/a, entre os/as titulares das consellerías con competencias en materia de sanidade, educación e servizos sociais.
3. O Consello terá un/unha secretario/a, que deberá de posuír a condición de empregado/a público ao servizo da Administración autonómica, e que terá voz pero non voto no Consello.
4. O Consello reunirse, ao menos, unha vez cada seis meses e ten como funcións encomendadas:
- a) Propor e establecer as liñas estratéxicas de acción en atención temperá na Comunidade Autónoma de Galicia. Cando as liñas estratéxicas de acción se engloben dentro de plans estratéxicos, a función do Consello limitarase á proposta.
 - b) Coñecer a avaliación das actuacións realizadas polos diferentes órganos e organismos e ratificar a planificación anual prevista por eles.
 - c) Tomar en consideración as recomendacións e aprobar, se for o caso, as propostas de cambio ou mellora no protocolo de coordinación, intervención e derivación que formule cada consellería.
 - d) Promover a formación continua en procedementos de coordinación entre os servizos implicados na atención temperá e na especialización dos/as profesionais.
 - e) **Aprobar o Protocolo de coordinación de atención temperá, por proposta da Comisión Técnica da Atención Temperá.**



f) Propoñer o desenvolvemento da carteira propia de servizos dentro do ámbito competencial de cada consellería e a tipoloxía, a intensidade e os termos de prestación daqueles servizos complementarios que se consideren convenientes.

g) Establecer o método básico de recolla de información que permita exportar os datos de cada neno e nena, de xeito que exista un fluxo de información entre os órganos e organismos do sector público autonómico de Galicia con responsabilidade en atención temperá.

h) Establecer o plan de traballo da comisión técnica para o desenvolvemento das actuacións que se determinen.

5. Canto ao non establecido neste artigo para o réxime de organización e funcionamento seguirase o disposto na sección III, capítulo I, título I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e no capítulo II, do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e no seu regulamento de réxime interior.

Artigo 16. *Comisión Técnica da Atención Temperá*

1. Como órgano de apoio do propio Consello constituirase a Comisión Técnica da Atención Temperá, órgano técnico adscrito ás consellerías con competencia en materia de saúde, educación e servizos sociais, de ámbito autonómico, con funcións de proposta e asesoramento ao Consello Autonómico da Atención Temperá. Así mesmo, corresponderalle á elaboración do Protocolo de coordinación de atención temperá, que se elevará posteriormente ao Consello Autonómico da Atención Temperá para a súa aprobación.

2. Ademais das funcións determinadas no número anterior, á Comisión corresponderalle especificamente a instrución dos expedientes e a proposta de resolución para a imposición da sanción de finalización do servizo de atención temperá, excepto cando se trate da finalización dos servizos de atención temperá por mor da imposición da sanción de suspensión dos dereitos de participación das persoas usuarias ou restrición nalgunhas actividades no seo dun procedemento sancionador incoado ao abeiro da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, no que esta competencia recaerá nos órganos que se determinan no artigo 97 da citada lei.



3. A Comisión Técnica está integrado polos/as seguintes membros:

a) Titular da Subdirección Xeral de Promoción da Autonomía Persoal e Prevención da Dependencia da Secretaría Xeral de Política Social, ou técnico do órgano en que se delegue esta facultade.

b) Titular da Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial da Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria, ou técnico do órgano en que se delegue esta facultade.

c) Titular da Subdirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e Formación do Profesorado da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, ou técnico do órgano en que se delegue esta facultade.

4. **A comisión nomeará** entre os/as seus/súas membros, por maioría de votos e por un período **dun ano, ao/a seu/súa presidente/a.**

5. **A comisión terá un/unha secretario/a** que deberá de posuír a condición de empregado/a público ao servizo da Administración autonómica, con voz pero sen voto nesta comisión.

6. **Esta comisión técnica poderá contar coa participación doutros/as profesionais** expertos/as cando se estime necesario, por proposta da maioría simple dos seus membros.

7. Canto ao non establecido neste artigo para o réxime de organización e funcionamento seguirase o disposto na sección III, capítulo I, título I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e no capítulo II, do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Disposición adicional primeira. **Constitución do Consello Autonómico de Atención Temperá**

1. **No prazo máximo dun mes desde a entrada en vigor do presente decreto, deberá constituírse o Consello Autonómico da Atención Temperá.**

2. En virtude do disposto no artigo 16 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, nos órganos colexiados creados por este



decreto procurárase acadar unha composición equilibrada na presenza de mulleres e homes.

Disposición adicional segunda. *Protocolo de Coordinación de Atención Temperá*

1. No prazo máximo de seis meses desde a entrada en vigor deste decreto, o Consello Autonómico da Atención Temperá aprobará un protocolo de coordinación, intervención e derivación interinstitucional, co obxectivo de establecer a debida coordinación, coherencia e optimización dos servizos dos sistemas sanitario, de educación e de servizos sociais, procurando unha complementariedade das intervencións, evitando a duplicidade de servizos e garantindo, en todo caso, un único modelo de intervención.

2. O protocolo de coordinación deberá recoller a metodoloxía das actuacións en atención temperá segundo o disposto no artigo 4 deste decreto.

3. Na elaboración do protocolo de coordinación, segundo o disposto no artigo 16, no seu punto 6, poderán participar outros/as profesionais expertos/as para os efectos de poder contar coa participación das entidades de iniciativa social.

Disposición adicional terceira. *Desenvolvemento dun sistema integral de información e xestión dos servizos de atención temperá*

1. O conxunto dos documentos que conteñan datos, avaliacións e informacións de calquera índole sobre a situación e o proceso evolutivo do/a neno/a e da súa familia estará incorporado a un expediente único que garanta o cumprimento da Lei 41/2002, do 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e obrigas en materia de información e documentación clínica, a Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, e no Decreto 29/2009, do 5 de febreiro, polo que se regula o uso e acceso á historia clínica electrónica, así como no expediente social básico no ámbito dos servizos sociais comunitarios nos diferentes niveis de actuación do sistema galego de servizos sociais segundo o disposto no artigo 16.2 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

2. No prazo máximo de doce meses desde a entrada en vigor deste decreto, o Consello Autonómico da Atención Temperá aprobará o procedemento de coordinación para a integración dos sistemas de información para a implantación dun sistema integral de información e xestión de datos do servizo de atención temperá, garantindo en todo caso o



cumprimento do disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e a súa normativa de desenvolvemento.

Disposición adicional cuarta. *Unidades de atención temperá adscritas ao Servizo Galego de Saúde*

1. Mantense a adscrición ao Servizo Galego de Saúde (Sergas) dos recursos destinados ás unidades de atención temperá actualmente existentes nos complexos hospitalarios.

2. Os servizos sanitarios colaborarán nas actividades destinadas á prevención e detección precoz de trastornos do desenvolvemento do/a neno/a ou en situacións de risco de padecelos cos servizos sociais e/ou educativos.

Disposición transitoria única. *Réxime transitorio da implantación do réxime competencial establecido neste decreto*

Dado que a asunción e o desenvolvemento das competencias en materia de atención temperá polas distintas consellerías terá lugar de forma progresiva, con suxeición aos recursos orzamentarios dispoñibles, nas áreas sociais e ámbitos comunitarios onde esta atención vén sendo proporcionada polo Servizo Galego de Saúde ou por servizos concertados por este, continuarán facéndoo, namentres non se poñan en funcionamento os novos recursos e programas, segundo recolle o artigo 44 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

Disposición derogatoria única

Quedan derogados os artigos 1, 2, 3.2 e 5 do Decreto 69/1998, do 26 de febreiro, polo que se regula a atención temperá a discapacitados na Comunidade Autónoma de Galicia.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento do decreto*

Autorízanse as persoas titulares das consellerías competentes en materia de sanidade, servizos sociais e educación para ditaren as disposicións que sexan precisas para o desenvolvemento e execución deste decreto no relativo á organización e materias propias do seu departamento.



Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Este decreto entrará en vigor aos vinte días seguintes ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, cinco de decembro de dous mil trece

Alberto Núñez Feijóo

Presidente

En substitución por ausencia,

Alfonso Rueda Valenzuela

Vicepresidente e conselleiro de Presidencia,

Administracións Públicas e Xustiza (Decreto 177/2013)

Beatriz Mato Otero

Conselleira de Traballo e Benestar

CVE-DOG: 5qhmbsb1-1zi2-5mx3-o408-rmuyct2dcqb4

